



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

ANEXO

BASES DE SELECCIÓN DO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO PROGRAMA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS DESEMPREGAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (SNGX) NO ANO 2025

O Concello de Abegondo solicitou unha subvención á Xunta de Galicia ao abeiro da orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2025 (DOG nº 160 do 22 de agosto de 2025), a través da que se financiarán os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, derivados da **contratación de 1 persoa traballadora desempregada** inscrita como demandante nos servizos públicos de emprego en situación de **beneficiaria no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (1 empregado/a administrativo/a)**.

O Programa I de Contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil por entidades locais, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR350E), tal e como dispón o **artigo 22 da orde** de convocatoria de subvención do **13 de agosto de 2025**, "ten por obxecto o financiamento de accións de fomento de emprego en colaboración con entidades locais para a contratación durante nove meses de persoas mozas, inscritas como demandantes nos servizos públicos de emprego e en situación de beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de proporcionarlles unha experiencia e práctica profesional que facilite a súa inserción laboral (código de procedemento TR350E)."

Por medio dun escrito do 28/10/2025 asinado polo secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e co R.E no Concello de Abegondo núm. 202500000003624 do día 30/10/2025, (Expte TR350E-2025-00000150-00) resólvese "conceder ao CONCELLO DE ABEGONDO a axuda solicitada segundo a Orde de convocatoria, equivalente aos custos salariais das persoas traballadoras contratadas mais a cotización empresarial á Seguridade Social derivada do devandito salario, consonte a seguinte desagregación: "

Num. de traballadores:1 / Grupo de cotización. 7/ CNO:4309 / Duración do contrato (meses): 9 Xornada laboral (%): 100%

Polo tanto, para desenvolver este proxecto é necesario cubrir a praza necesaria para realizar as tarefas ou as actuacións previstas, que son as que se reflicten na memoria elaborada polo axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL) deste termo do 22/09/2025, aprobada por medio do decreto da Alcaldía núm. 641/2025 tamén do día 22/09/2025, que serviu de base á solicitude da subvención. Na antedita memoria recóllese unha breve descrición das actividades ou servizos que se van realizar co detalle do perfil da persoa desempregada que se pretende contratar.

Neste caso concreto, o Concello de Abegondo **contratará 1 persoa** que cumpra os requisitos do programa para traballar como **empregado/a administrativo/a** (auxiliar administrativo/a), que desenvolverá tarefas de apoio e de xestión básica de oficina, servindo de soporte das tarefas administrativas que se levan a cabo nos distintos departamentos do Concello. As súas funcións inclúen a xestión de documentos e comunicacións, o arquivo da información e outras tarefas operativas que facilitarán o traballo diario do persoal técnico e administrativo superior.

Isto farase a través de un contrato laboral temporal vinculado ao devandito programa para a contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil por entidades locais, por ser insuficiente o cadro de persoal municipal para realizar as funcións e tarefas obxecto da contratación. O contrato realizarase a tempo completo e terá unha duración de 9 meses.

A convocatoria deste proceso selectivo refírese á seguinte **praza**:

Contratatación de 1 persoa inscrita como demandante nos servizos públicos de emprego en situación de beneficiaria no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (1 empregado/a administrativo/a).

Praza:

- 1 empregado/a administrativo/a (CNO: 4309) /grupo de cotización 7 / Duración: 9 meses / % Xornada: 100 %



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Para este proceso selectivo serán de aplicación las Bases xerais para a Selección de Persoal Laboral Temporal aprobadas polo Pleno municipal en sesión celebrada o un de agosto de 1998, coas seguintes características específicas:

1. Conforme a natureza das Bases reguladoras do programa (ORDE da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2025 /código de procedemento TR350E (DOG nº 160 do 22 de agosto de 2025) e máis concretamente segundo o establecido no **artigo 29** relativo aos **“Requisitos e criterios para a selección das persoas mozas traballadoras”** e especificamente no **apartado 2** “ *As persoas mozas traballadoras que sexan contratadas para a realización dos servizos polos que se outorgue a subvención deberán cumprir, en todo caso, os requisitos seguintes no momento da selección e da formalización do contrato de traballo:*

- *Ter feitos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do Sistema nacional de garantía xuvenil, de conformidade co artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.*
- *Ser desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia*
- *Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Ademais, para ser beneficiarias desta medida, as persoas mozas deberán constar como inscritas e beneficiarias no ficheiro do SNGX, así como cumprir os requisitos de non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior ao momento de recibir a actuación, en coherencia co disposto no artigo 105.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, modificada polo Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, e polo Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo.”

2. Segundo o disposto no **parágrafo 3 do citado artigo 29** da orde de convocatoria “ *As entidades locais beneficiarias da subvención solicitarán as persoas traballadoras mozas que necesiten mediante a presentación de **oferta de emprego na correspondente oficina pública de emprego de Galicia**, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas mozas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, deberá presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO) a 4 díxitos. A oferta na súa formulación non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación*

(...)

*Tal e como dispón o **parágrafo 4** “ Para a presentación de oferta ante a oficina de emprego seguirase o seguinte proceso:*

a) As ofertas achegaranse, necesariamente, a través de medios telemáticos (sede electrónica da Xunta de Galicia ou por correo electrónico). Presentarase unha oferta de emprego por cada categoría profesional que se demanda e xuntarase tamén a resolución de concesión.

b) Recibida a oferta, a oficina de emprego realizará unha sondaxe de persoas demandantes en función das características da oferta, atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando un número de persoas candidatas por posto de traballo, que non poderá ser, sempre que sexa posible, inferior a dúas nin superior a dez.

c) A remisión de novas persoas candidatas só procederá cando a entidade beneficiaria xustifique documentalmente a súa necesidade, por incumprimento dos requisitos da oferta, por rexeitamento voluntario por escrito ou incomparecencia das remitidas.

d) No suposto de que as entidades beneficiarias non consigan cubrir algún dos postos de traballo concedidos, poderán substituílo por outro CNO dentro do mesmo grupo de cotización ao inicialmente concedido.

e) A selección definitiva das persoas candidatas deberá ser notificada pola entidade beneficiaria á correspondente



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [sede.abegondo.gal] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

oficina de emprego, que comprobará a inscrición como demandante de emprego e a situación laboral de non ocupada da persoa ou persoas seleccionadas, e proporcionará á entidade beneficiaria un código identificador da oferta, que empregará na comunicación obrigatoria da contratación a través da aplicación Contrat@.

5. Para os efectos de facilitar a selección de persoas candidatas, a Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais elaborará unha instrución informativa, que publicará na páxina web:

https://conselleriaemprego.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego?content=iniciativa_0044.xm

6. Terán preferencia na selección a través da oficina de emprego as persoas con maiores dificultades para a inserción laboral, por esta orde: as persoas con discapacidade, as persoas trans e as persoas en risco de exclusión social, e a continuación, as persoas desempregadas mozas que participasen nos últimos 3 anos (2023-2024-2025) en programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (código de procedemento TR353B).

7. Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego que busca incrementar a empregabilidade das persoas mozas desempregadas, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas; As persoas mozas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa. “.

Pola tanto, e para cumprimento co previsto nos parágrafos anteriores e actuar conforme os principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e non discriminación, o Concello realizará a correspondente **oferta de emprego** logo de publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo (<http://sede.abegondo.gal>) o anuncio da aprobación das bases de selección e da presentación da oferta para a preselección das persoas candidatas para a devandita praza de empregado/a administrativo/a.

3. Procedemento de selección: concurso-oposición, xustificado nas características específicas e singulares do posto de traballo.

Trátase dun procedemento especial ou singular, xa que, tal e como se establece no antedito artigo 29 da ORDE da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 13 de agosto de 2025, as persoas candidatas á praza convocada virán determinadas pola presentación da oferta de emprego na correspondente oficina pública de emprego de Galicia.

4. Tal e como se sinalou anteriormente (parágrafo primeiro), poderán participar non proceso selectivo as persoas que reúnan os **requisitos** sinalados no **apartado 2 do artigo 29** da devandita orde 13 de agosto de 2025 e que se relacionen no listado que achegará a oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) en contestación á oferta presentada. As persoas demandantes preseleccionadas poderán presentar a solicitude e deberán acreditar os requisitos sinalados achegando a seguinte documentación debidamente actualizada:

- DNI
- Tarxeta de inscrición no Servizo Publico de Emprego
- Documentación acreditativa da inscrición como beneficiaria no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia
- Declaración responsable de reunir os requisitos necesarios para ser beneficiaria das accións do programa e poder participar no proceso selectivo.

5. No caso de presentarse varias persoas candidatas para o posto, será proposta polo tribunal e posteriormente contratada polo alcalde, a persoa candidata que obteñan unha maior puntuación no concurso-oposición, de acordo cos méritos específicos descritos a continuación para os postos de traballo. Para estes efectos requiriráselles ás persoas candidatas a acreditación dos requisitos necesarios ou dos méritos previstos para a súa praza, por medio da documentación orixinal ou copia auténtica.

6. A acreditación da titulación académica, realizarase mediante a presentación dos títulos ou certificación de ter realizados todos os estudos necesarios para a súa obtención. Serán válidas as titulacións expedidas pola



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo (<http://sede.abegondo.gal>) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Administración ou por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou debidamente homologados.

A realización de cursos acreditarase mediante a achega ou presentación dos títulos ou certificados, nos que conste o número de horas de duración. Para a súa valoración deberán ter sido impartidos pola Administración ou por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou debidamente homologados.

7. As instancias presentarase acompañadas do DNI. Así mesmo, presentarase a documentación acreditativa dos **requisitos mínimos** necesarios para a admisión, segundo o previsto para a praza convocada no apartado correspondente destas bases. Tamén se achegará a documentación acreditativa dos méritos alegados na instancia para a súa valoración.

Deberán presentarse preferentemente no rexistro municipal en horario de 9.00 h. a 14.00 h. - ou a través da sede electrónica do Concello (<https://sede.abegondo.gal>) ou ben mediante algún dos procedementos que regula o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas publicada no BOE núm. 236 do venres 2 de outubro de 2015 (neste caso, o mesmo día da solicitude, enviarase unha comunicación a este mail do Concello: adl@abegondo.gal dentro do prazo de presentación), no **prazo de 3 días hábiles**, que se contarán dende o día seguinte a aquel no que a persoa candidata reciba comunicación por parte do Concello de que está incluído na relación enviada polo Servizo Público de Emprego (oficina de emprego de Betanzos) en contestación da oferta presentada. Poderá quedar constancia escrita da realización deste aviso ou comunicación, se ben, por razóns de urxencia xustifícase que se realice a comunicación telefonicamente ou por mail. Para aqueles casos nos que non se contacte coa persoa candidata, bastará un informe dun técnico responsable que acredite esta circunstancia.

Soamente será necesario presentar copia simple da documentación relativa tanto aos requisitos mínimos necesarios para a admisión das persoas candidatas, como a correspondente aos méritos alegados, sen prexuízo de que o tribunal en calquera momento do proceso selectivo solicite a documentación orixinal ou copia auténtica, se o considera oportuno. En todo caso, ao final do proceso e antes da contratación da persoa candidata proposta comprobarase fidedignamente a veracidade dos requisitos e méritos presentados, mediante a presentación da documentación orixinal ou de copia compulsada dela.

Polo tanto, e tendo en conta o indicado no parágrafo anterior, o tribunal admitirá a todas aquelas persoas candidatas que presenten os requisitos mínimos e en calquera momento, antes de realizar a proba práctica, poderá habilitar un período para a emenda se o considera oportuno. En todo caso, unha vez rematado o prazo de presentación de instancias non se poderá emendar a documentación relativa aos méritos.

O tribunal publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://sede.abegondo.gal>) a **relación definitiva de persoas candidatas admitidas e excluídas** e anunciará o **lugar, día e hora no que terá lugar a proba ou exercicio práctico** que deberán realizar todos/as os/as concursantes admitidos/as e que terá carácter eliminatorio.

8. A valoración de méritos das persoas candidatas presentadas no apartado de formación, realizarase con posterioridade á realización da proba ou exercicio práctico.

Unha vez realizadas as probas prácticas eliminatorias valoraranse os méritos de todos/as os/as candidatos/as que a superen. Do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior publicarase tanto o resultado das probas prácticas como a puntuación relativa aos méritos acadados polas persoas candidatas que superaron o exercicio práctico.

9. Proba práctica: Realizarase un suposto ou exercicio práctico relacionada coas funcións obxecto da praza a cubrir. Para realizar a proba ou o exercicio práctico, disporase dun período máximo de 45 minutos. Puntuarase de 0 a 7 puntos, sendo necesario para superalo alcanzar un mínimo de 3,50 puntos. Cualificarase como non apto/a a quen non obteña a puntuación mínima.

10. En todo caso, por razóns de urxencia e ante a necesidade de poñer en marcha dun xeito inmediato as actividades e servizos que forman parte da actuación a desenvolver, vinculados ao O programa I para a “Contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil por entidades locais, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR350E)”, anualidade 2025, poderanse concentrar nun solo acto as diferentes probas selectivas.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

11. O tribunal terá a seguinte composición, de acordo coa normativa vixente:

Presidente.

Titular: José Manuel Rodríguez Costa
Suplente: M^a Mar Carro López

Vogal 1.

Titular: M^a Isabel Manteiga Moar
Suplente: M^a Teresa Rodríguez Villaverde

Vogal 2.

Titular: M^a Beatriz Fernández Vázquez
Suplente: Ana Belén Giménez Carro

Secretario.

Titular: José Antonio Varela Doval
Suplente: M^a Nieves Fuentes Aradas

O tribunal poderá nomear asesores especializados segundo o obxecto das bases, que emitirán o corresponde informe, no caso de que se considere necesario para a correcta valoración dos méritos e ou da proba práctica.

12. Contratacións Non se efectuarán a contratación ata que a persoa candidata proposta polo tribunal, presente, no prazo de 2 días naturais dende a publicación no taboleiro de anuncios do Concello da acta definitiva do tribunal, a seguinte documentación:

- Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración responsable de non estar incurso en situación de incompatibilidade segundo a Lei estatal 53/84, do 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas e o R.D 598/85 que a desenvolve.
- Declaración responsable de reunir os requisitos necesarios para ser beneficiaria das accións do programa e poder ser contratada polo Concello de Abegondo
- Documentación orixinal ou copia compulsada dos requisitos mínimos e méritos achegados coa instancia (no caso de non tela presentada).

Para o caso de baixa ou renuncia da persoa proposta para a súa contratación, o Concello poderá substituíla pola seguinte persoa candidata da lista segundo a orde de puntuación que figure na acta de selección asinada polos membros do tribunal, tendo en conta que o prazo máximo da contratación será o fixado no contrato laboral temporal correspondente, realizado ao abeiro da subvención.

13. En todo o que non se recolla nas presentes bases e na devandita orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2025 (DOG nº 160 do 22 de agosto de 2025), será de aplicación a normativa vixente en materia de selección de persoal ao servizo das Administracións Públicas e en concreto a normativa de selección de persoal da Administración Local.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

14. A) PRAZAS OFERTADAS

PROGRAMA: *Programa I para a "Contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil por entidades locais, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR350E) "*

Neste caso concreto, o Concello de Abegondo contratará 1 persoa que cumpra os requisitos do programa para traballar como **empregado/a administrativo/a** (auxiliar administrativo/a), que desenvolverá tarefas de apoio e de xestión básica de oficina, servindo de soporte das tarefas administrativas que se levan a cabo nos distintos departamentos do Concello. As súas funcións inclúen a xestión de documentos e comunicacións, o arquivo da información e outras tarefas operativas que facilitarán o traballo diario do persoal técnico e administrativo superior.

Para a súa execución, contratarase 1 persoa moza inscritase beneficiaria no fichero do Sistema nacional de garantía xuvenil (SNGX).

Isto farase a través de un contrato laboral temporal vinculado ao devandito programa de políticas activas de emprego para a contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil por entidades locais, por ser insuficiente o cadro de persoal municipal para realizar as funcións e tarefas obxecto da contratación. O contrato realizarase a tempo completo e terán unha duración de 9 meses.

A convocatoria deste proceso selectivo refírese á seguinte **praza**:

Contratación de 1 persoa inscrita como demandante nos servizos públicos de emprego en situación de beneficiaria no fichero do Sistema nacional de garantía xuvenil (1 empregado/a administrativo/a).

Praza:

- 1 empregado/a administrativo/a (CNO: 4309) /grupo de cotización 7 / Duración: 9 meses / % Xornada: 100 %

a. Prazas

Polo tanto a praza ofertada é: 1

- 1 empregado/a administrativo/a (CNO: 4309) /grupo de cotización 7

b. Titulación mínima :

- Graduado/a en ensinanza secundaria obrigatoria (E.S.O) ou equivalente*

(*) Poderán aportarse titulacións equivalentes nos termos da disposición adicional 31.º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE núm. 106, de 04 de maio de 2006)

c. Duración do contrato:

O contrato terá unha duración de **9 meses**, vinculado ao devandito programa de políticas activas de emprego para a "Contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil por entidades locais, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR350E)

As datas previstas do contrato son as seguintes: do 25/11/2025 ao 24/08/2026 (estimativo)

d. Retribucións:

As retribucións axustarase á axuda solicitada á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigracións ao abeiro da orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2025 (DOG nº 160 do 22 de agosto de 2025) e a Resolución do 28/10/2025 ditada polo secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (Expte TR350E-2025-00000150-00) e co R.E no Concello de Abegondo núm. 202500000003624 do día 30/10/2025.

.Concretamente, o salario bruto será o seguinte:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

✓Empregado/a administrativo/a (1): 1.381,34 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das paga extras*

(*) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización. O salario é o correspondente a a unha xornada a tempo completo (100% da xornada).

e) Características do contrato:

Empregado/a administrativo/a (1)

-Tipo de contrato: contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de contratos de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos/ **código de contrato 406**) *, conforme o indicado no artigo 30 da orde de convocatoria do 13 de agosto de 2025 e na Resolución de concesión da subvención (Expte TR350E-2025-00000150-00)

(*): O contrato de traballo que se subscriba coa persoa moza traballada seleccionada, comunicárase “a través da aplicación informática Contrat@ marcando a opción específica “interese social corporacións locais”, que figura no punto “Datos específicos do contrato” e asignaráselle o cdigo 406: contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos”

-Grupo de cotización: 7

- Coeficiente: 1,000

-Tipo de xornada: tempo completo (405), cun total de 40 horas semanais

-Epígrafe: 51

-CNAE 2009 (8411)

-Duración do contrato: 9 meses (do 25/11/2025 ao 24/08/2026)

-Retribucións brutas mensuais:1.381,34 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das paga extras.

14. B) PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN: concurso-oposición conforme ao apartado E), xustificado nas características específicas e singulares dos postos de traballo.

14. C) FUNCÍONS E TAREFAS OBXECTO DA CONTRATACIÓN:

Conforme o sinalado noutros apartados e tendo en conta o indicado con anterioridade, a persoa traballadora que se contrate como empregado/a administrativo/a (auxiliar administrativo), desenvolverá tarefas de apoio e de xestión básica de oficina, servindo de soporte das tarefas administrativas que se levan a cabo nos distintos departamentos do Concello.

As súas funcións inclúen a xestión de documentos e comunicacións, o arquivo da información e outras tarefas operativas que facilitarán o traballo diario do persoal técnico e administrativo superior.

14. D) COÑECEMENTO DE GALEGO:

Conforme establece o artigo único da Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo (modifícase o artigo 35 do citado Decreto Lexislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia), nas probas selectivas que se realicen, incluírase un exame de galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Neste caso o coñecemento da lingua galega, como requisito previo á valoración de méritos do concurso, quedará acreditado coa presentación por parte do/a candidato/a da certificación de estar, cando menos, en posesión do Celga 3 ou equivalente.

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego esixida,os/as candidatos/as non serán excluídos por esta causa. Neste caso, realizarase no mesmo acto unha proba oral que acredite o coñecemento da lingua galega facendo constar na acta o resultado de dita proba.

O tribunal, contará co asesoramento da normalizadora lingüística do Concello e cualificará ao aspirante como apto/a ou non apto/a. No caso de ser cualificado/a como non apto/a, xa non se valorarán os méritos.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

14. E) CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL. CONCURSO

E.1- PRAZAS DE EMPREGADO/A ADMINISTRATIVO/A

No concurso, realizarase a baremación de méritos conforme as seguintes consideracións ou puntuacións:

✓ **Formación** (puntuación máxima: 3,00 puntos)

- No caso de acreditar unha formación académica superior á mínima esixida: 1,00 punto
- Cursos directamente relacionados coas funcións da praza e participación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas:
 - Cursos a partir de 20 horas: 0,10 puntos por curso, ata un máximo de 1,00 punto
 - Cursos a partir de 100 horas: 0,20 puntos por curso, ata un máximo de 1,00

✓ **Proba práctica:** poderá ter unha puntuación máxima de 7,00 puntos.

A proba **práctica** consistirá nun suposto ou exercicio práctico relacionada coas funcións obxecto da praza a cubrir. Para o exercicio práctico, disporase dun período máximo de 45 minutos.

Neste proba, que ten carácter eliminatorio, valorarase o coñecemento, as habilidades e a destreza necesarias para poder desenvolver eficazmente as tarefas do posto de traballo. Poderá ter unha puntuación máxima de 7,00 puntos (para superar a proba requírese un mínimo de 3,50 puntos)-

A puntuación total ou final será como máximo de 10,00 puntos.

Para o caso de que dous ou máis persoas candidatas acaden a mesma puntuación total ou final, prevalecerá en primeiro lugar aquel/a candidato/a que acade unha maior puntuación na proba práctica. Logo terase en conta a aquela persoa candidata que acredite unha maior antigüidade de inscrición como demandante no Servizo Público de Emprego.

Abegondo, na data da sinatura electrónica

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.